




MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Convidadas: dúas miradas de Zuloaga

en colaboración co Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía

21 de novembro de 2024 a 23 de febreiro de 2025



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Convidadas: dúas miradas de Zuloaga

en colaboración co Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía

21 de novembro de 2024 a 23 de febreiro de 2025

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN TEMPORAL

CONVIDADAS: DÚAS MIRADAS DE ZULOAGA

21 de novembro de 2024 – 23 de febreiro de 2025

ORGANIZA: Museo de Belas Artes da Coruña en colaboración co Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía

PATROCINA: Dirección Xeral de Cultura. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

LUGAR: Sala 5 do museo

DATA: 21 de novembro de 2024

HORA: 12:00 horas



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

O Museo de Belas Artes da Coruña inicia con esta mostra un novo ciclo de exposicións de pequeno formato titulado 'Convidadas', no que obras de arte doutros museos e coleccións españolas manteñen un diálogo con outras obras da propia colección permanente do museo.

O ciclo iníciase coa mostra CONVIDADAS: DÚAS MIRADAS DE ZULOAGA, que ten como obxectivo presentar ao público dúas obras que pertencen á colección do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, institución coa que o Museo de Belas Artes mantén relacións institucionais desde a inauguración da súa nova sede en 1995.

CONTIDO DA EXPOSICIÓN

As obras seleccionadas nesta ocasión son dous retratos do artista **Ignacio Zuloaga** (1870-1945), pintados ambos en París en 1912, que exemplifican o seu amplo labor como retratista, no que conflúen tendencias das vangardas parisienses con evocacións da retratística de Velázquez ou Goya.

Trátase de dous retratos femininos, o *Retrato da señora Malinowska, a Rusa* e *A bailaora Antonia, a galega*, que nos ofrecen dúas visións diferentes na maneira de concibir a imaxe feminina por parte de Zuloaga. **Así mesmo, a elección destas obras responden a súa vinculación dalgunha forma con Galicia, xa sexa por cuestión vitais, como é o caso de Malinowska, como polos motivos representativos ou simbólicos, implícitos no apelativo da bailaora.**

As obras incorpóranse mediante unha coidada montaxe expositiva na sala 5 da exposición permanente do Museo de Belas Artes, que acolle a pintura galega do século XIX e primeira décadas do século XX, polo que permiten reforzar aspectos representados nesta sala.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Por un lado, amplían o coñecemento de **mulleres pintoras**, xa que dunha das figuras representadas, **Victoria Malinowska**, coñecemos que foi unha pintora rusa que procedente da Galitzia polaca, residiu en París onde coñece a Zuloaga e posteriormente, tras o estalido da primeira guerra mundial, chega a España participando en distintas exposicións. Reside en Madrid e entre 1920 e 1921 reside en Vigo, onde entabla importantes relacións sociais, realiza exposicións e imparte cursos de arte.

Doutra banda, amosan as diferentes visións conceptuais e estilísticas que se teñen da imaxe da muller nos inicios do século XX. A da xitana, **Antonia, a galega** como personaxe étnico que o romanticismo e os extranxeiros codificaran en clave de liberdade, marxinal e exótica propio das tendencias simbolistas da época, ou a imaxe da muller intelectual, libre e autónoma de **Victoria Malinowska**, coa que Zuloaga se distancia do concepto de pintura identitaria propia do seu estilo máis recoñecido e a representa sen artificios.



Ignacio Zuloaga
A bailaora Antonia, a galega (1912)
Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía



Ignacio Zuloaga
Retrato da señora Malinowska, a Rusa (1912)
Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Por último, o ámbito xeracional de Zuloaga permite relacionalo con pintores galegos cuxas interpretacións e caracterizacións do feminino acompañan a exhibición das dúas obras convidadas. Entre eles, Juan Luis López e Xesús Corredoyra, que mantiveron contactos con Zuloaga na súas etapas de formación en Madrid, e será especialmente Corredoyra quen presente na súa obra retratística unha cercana vinculación coa estética de Zuloaga, como sucede no caso do magnífico retrato de "Dona Matilde Rodríguez Pastor" (1916).

CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN

Editarase unha publicación co título "CONVIDADAS: DÚAS MIRADAS DE ZULOAGA".

PÁXINA WEB

No seguinte enlace ofrécese información sobre a mostra.

→ [Convidadas: dúas miradas de Zuloaga](#)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE